

**Cláusula 14ª.-Suspensión e resolución.**

A Administración poderá suspender a aplicación ou acordar a resolución deste convenio en calquera momento se se alterasen os motivos tidos en conta para o establecemento da bonificación ou concorresen causas obxectivas que dalgún modo o xustificasen. A suspensión da aplicación ou acordo de resolución deberá notificarse por escrito cunha antelación mínima de tres meses á data da súa efectividade e con expresión dos seus motivos ou causas.

**Cláusula 15ª.-Réxime xurídico.**

Este convenio rexerá polo disposto nas súas cláusulas; polas normas que regulan o contrato de concesión subscrito entre a Xunta de Galicia e *Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.* o 11 de setembro de 1995, pola Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e demais normas do dereito administrativo.

**Cláusula 16ª.-Cláusula de xurisdición.**

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender de calquera litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación que xurda entre as partes relacionada coa interpretación e execución deste convenio.

E para que así conste, as partes asinan este convenio, en dous exemplares e para un único efecto, en Santiago de Compostela o trinta e un de marzo de dous mil dez.

Agustín Hernández Fernández de Rojas, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Andrés Muntaner Pedrosa, *Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A.*

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

*Resolución do 12 de marzo de 2010 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de agosto de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 172, do 2 de setembro) pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo.*

En cumprimento do disposto no artigo 9.5º da Orde do 14 de agosto de 2009 (DOG nº 172, do 2 de

setembro) pola que se convocan axudas para o apoio ás cooperativas e outras entidades de economía social de carácter non lucrativo, resolvo que se proceda á publicación das subvencións concedidas que se indican no anexo, cun importe total de 103.000 €, con cargo á aplicación 48.03.324A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

**ANEXO**

Entidades beneficiarias	Actividades	Contía concedida
<i>Limco, Sociedade Cooperativa Galega de Integración Social - C.E.E. sen ánimo de lucro</i>	Transporte adaptado a persoas con discapacidade	20.000,00 €
<i>Viravolta, Sociedade Cooperativa Galega</i>	Servizo de orientación para familias en risco de exclusión social	4.000,00 €
<i>Asociación Emprende Ourense</i>	Transporte cara á inclusión sociolaboral	12.000,00 €
	Mantemento gabinete especializado cooperativas	18.000,00 €
<i>Asociación Parkinson Galicia Bueu</i>	Mantemento da actividade de fisioterapia	8.821,00 €
<i>Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer Galicia</i>	Organización, coordinación e xestión interdisciplinar	8.721,00 €
<i>Fundación Gómez Franqueira</i>	Realización vídeo cooperativismo	16.198,00 €
<i>Círculo Gacela</i>	Gabinete de asesoría xurídica para cooperativas e socios	15.260,00 €

*Resolución do 12 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da Asociación de Sumilleres de Galicia Gallaecia.*

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1997, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos neste, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral presentouse certificación onde se reflicte o acordo acadado na Asemblea Extraordinaria que tivo lugar o 20 de xaneiro de 2010, na que se recolle a modificación da composición da xunta directiva da dita asociación.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais